



C O N C E L L O
DE
M O E C H E
(A CORUÑA)

Núm.

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MOECHE O DIA 15 DE MAIO DE 2015**

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Moeche, sendo as 9,00 horas do día 15 de maio de 2015, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Xulio Cribeiro Garcia, reunense os Srs./as Concelleiros/as que se citan:

- D. Roberto Bouza Sedes.
- D. M^a Luz Lopez Lopez
- D. M^o Pilar Carballal Pita
- D. Beatriz Bascoy Maceiras
- D. Jorge Juan Brañas Castro
- D. Magin Fernando Lago Tuimil
- D. Jorge Gonzalez Aneiros
- D. Aquilino Sueiras Dopico

Asistidos da Secretaria da Corporación D. Consolación Couce Calvo, co obxecto de celebrar sesión ordinaria para a que foron previamente citados, constando en Secretaría o recibí de citación á sesión por parte de tódolos membros que o compoñen.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos, conforme á orde do día que figura na convocatoria de citación á sesión

**1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE
CREDITOS 8/2015 DE INCORPORACION DE REMANENTE DE TESOURERIA
PARA GASTOS XERAIS**

Vista a comunicación da Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia e Administracións Públicas na que se informaba da resolución de concesión dunha subvención, por importe de 31.457,51 euros para a execución da obra denominada **“Pavimentación via pública en Mil de Abaixo e outras”** subvención que leva implícita unha aportación municipal de 16.121,98 euros.

Visto que no orzamento municipal para o exercicio 2015 non existe crédito presupostaria para facer fronte o referido gasto e ante a posibilidade de incorporación do superávit orzamentario referendado polo remanente de tesouraría para gastos xerais aos destinos alternativos da disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de



estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, é precisa a modificación de créditos núm. 8/2015 do orzamento en vigor, na modalidade de crédito extraordinario..

Visto que a a Comisión Especial de Contas, en sesión de data 11 de maio de 2015 acordou informar favorablemente a proposta que segue, propoñendo a súa aprobación o Pleno da Corporación:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 8/2015, na modalidade incorporación do remanente de tesourería para gastos xerais, de acordo co seguinte detalle:

Orzamento de gastos

Altas en aplicacións de gastos

Aplicación orzamentaria	Proxecto	Descrición	Euros
1532-619-00	1520	Vías públicas.- Outras inversións de reposición de infraestructuras e bens destinados o uso general "Pavimentación vía pública en Mil de Abaixo e outras"	16.121,98

TOTAL GASTOS.- 16.121,98 €

2.º FINANCIAMENTO

Esta modificación finánciase mediante incorporación do remanente de tesourería para gastos xerais, nos seguintes termos

Altas en concepto de ingresos

Concepto	Descrición	Euros
870-00	Remanente de tesourería, para gastos xerais	16.121,98

TOTAL INGRESOS .- 16.121,98

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente





C O N C E L L O

DE

M O E C H E

(A CORUÑA)

Núm.

considerarase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

O Pleno da corporación, por unanimidade dos asistentes, prestou a súa aprobación a proposta antedita

2.- ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA OBRA DENOMINADA ACONDICIONAMENTO ENTORNO ZONA DE NAVES EN CAMPO DA FEIRA DE SAN RAMÓN E OUTROS

Visto o expediente instruído para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do contrato de obras de "*Acondicionamento entorno zona de naves en campo da feira de San Ramón e outros*" incluída no POS 2015

Visto que o día 13 de abril de 2015, pola Mesa de Contratación acordouse declarar como oferta máis vantaxosa, de acordo cos informes obrantes no expediente e os criterios do Prego de condicións, a presentada pola empresa *Construcciones Francisco Gomez y Cia. S.L.* polo prezo de 75.000,00 euros, mais o 21 % de IVA, (15.750,00 €), facendo un total 90.750,00 euros .

Visto que se lle requiriu ao candidato que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa que presentase a documentación establecida na cláusula 12.1 do prego de condicións que rexe a contratación, as I como a xustificativa de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, constituíse a garantía definitiva e xustificase, ademais, que dispón dos medios que se comprometése a dedicar ou adscribir a execución do contrato.

Visto que o candidato *Construcciones Francisco Gomez y Cia. S.L.* constituíu a garantía definitiva , mediante aval bancario, por un importe de 3.750,000 euros e presentou os documentos xustificativos esixidos.

Despois de examinar a documentación achegada e unha vez visto o informe de Secretaría, de conformidade co establecido no artigo 151.4 e na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro

O Pleno da Corporación, por unanimidade adopta o seguinte **ACORDO**

PRIMEIRO.- Proceder a a adxudicación do contrato da obra "*Acondicionamento entorno zona de naves en campo da feira de San Ramón e outros*" incluída no POS 2015, a empresa



Construcciones Francisco Gomez y Cia. S.L. polo prezo de 75.000,00 euros, mais o 21 % de IVA, (15.750,00 €), facendo un total 90.750,00 euros .

SEGUNDO.- Nomear tecnico director da obra o enxeñeiro de Camiños D. Julio C. Rojo Martinez.

TERCEIRO.- Nomear coordinador de seguridade e saude o enxeñeiro de Camiños D. Julio C. Rojo Martinez.

CUARTO.- Notificar o presente acordo a, citándoo para a sinatura do correspondente contrato , igualmente notificárase os licitadores que non resultaron adxudicatarios e así mesmo procederase a publicación da adxudicación no perfil do contratante.

QUINTO.- Poñer en coñecemento da Deputación Provincial da Coruña da presente adxudicación de acordo co establecido nas bases da convocatoria.

3.- ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA OBRA DENOMINADA MELLORA CAPA DE RODAXE MERCADO DE MOECHE E OUTROS

Visto o expediente instruído para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do contrato de obras de "**Mellora capa de rodaxe mercado de Moeche e outros**".

Visto que o día 13 de abril de 2015, pola Mesa de Contratación acordouse declarar como oferta mais vantaxosa, de acordo cos informes obrantes no expediente e os criterios do Prego de condicións, a presentada pola empresa **Construcciones Francisco Gomez y Cia. S.L.** polo prezo de 178.000,00 euros, mais o 21 % de IVA, (37.380,00 €), facendo un total 215.380,00 euros..

Visto que se lle requiriu ao candidato que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa que presentase a documentación establecida na cláusula 12.1 do prego de condicións que rexe a contratación, as I como a xustificativa de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, constituíse a garantía definitiva e xustificase, ademais, que dispón dos medios que se comprometése a dedicar ou adscribir a execución do contrato.

Visto que o candidato **Construcciones Francisco Gomez y Cia. S.L.** constituíu a garantía definitiva , mediante aval bancario, por un importe de 8.9000,000 euros e presentou os documentos xustificativos esixidos.

Despois de examinar a documentación achegada e unha vez visto o informe de Secretaría, de conformidade co establecido no artigo 151.4 e na disposición adicional segunda do texto





C O N C E L L O
DE
M O E C H E
(A CORUÑA)

Núm.

refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro

O Pleno da Corporación, por unanimidade adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Proceder a a adxudicación do contrato da obra "*Mellora capa de rodaxe mercado de Moeche e outros*", a empresa *Construcciones Francisco Gomez y Cia. S.L.* polo prezo de 178.000,00 euros, mais o 21 % de IVA, (37.380,00 €), facendo un total 215.380,00 euros .

CUARTO.- Notificar o presente acordo o adxudicatario

Unha vez finalizada a votación, toma a palabra o Sr. Alcalde **D. Xulio Cribeiro Garcia** para manifestar o que, literalmente, se transcribe de seguido:

“Antes de dar por rematado este pleno manifestar, por si alguén non o sabe, que a miña profesión e licenciado en Medicina e cirurxía pola Universidade De Santiago, con praza fixa como médico de atención primaria no centro de saúde de Moeche, con numerosos cursos de postlicenciatura e cun máster en administración sanitaria de mais de 1000 horas pola universidade Carlos III de Madrid, que me capacita para exercer outras tarefas que non son asistenciais

En primeiro lugar quixera que nos explicase a Sra. Secretaria a todos os aquí presentes cono se procede a contratar as obras na administración local e cal e o seu procedemento.- por esta secretaria faise un sucinto resumo do procedemento de contratación administrativa

Preguntas a Sra. Secretaria:

- 1) ¿Esta o Sr. Aquilino na Xunta de Goberno? *A secretaria resposta que non*
- 2) ¿Participa o Sr. Aquilino na contratación de obras? *A secretaria resposta que non*
- 3) ¿quenes participan ata o día de hoxe na xunta de Goberno? *A secretaria resposta que o Srs/a. Cribeiro Garcia, Bouza Sedes, González Aneiros e López López*
- 4) ¿Pódese según a lei de contratos pedir unha soa oferta? *A secretaria resposta que non, salvo nos casos de contrato menor.*
- 5) ¿Pódese contratar a unha soa empresa do concello de moeche e licitar a favor dela? *A secretaria resposta que non*
- 6) A Lei di que se deben invitar a tres empresas, ¿ten constancia de que se fixeron ofertas a 4 ou mais empresas? *A secretaria resposta que nos contratos adxudicados nesta sesión, si*
- 7) ¿Pode informar a Sra. Secretaria aquí presente si ten constancia que, por parte dos integrantes da Xunta de Goberno se cometeu algunha irregularidade ou ilegalidade na contratación das obras ? *A secretaria resposta que non ten constancia delo*



Nos ofertamos, como pode comprobar, as obras a varias empresas, non facemos como fai o BNG en San Sadurniño, leo folleto: *“O goberno do BNG estase a rir de todos os veciños de San Sadurniño, porque aquí sabemos o que custan as árbores, e sabemos que é imposible gastar case 200.000 euros en comprar pouco mais de 100 unidades. Eles non se poñen colorados por nada nin sequera cando se sabe que a empresa que fixo a obra e que levou boa parte deses cartos é propiedade da muller dun ex alto cargo. Ademais, ese home, naquel momento ocupaba un cargo de responsabilidade na Deputación da Coruña. Insistimos, case 200.000 euros para plantar unhas ducias de bidueiros, ameneiros e carballos. E outro tanto para arranxar os xardíns do convento. En total 400.000 euros porque cobrou a muller cese alto cargo do BNG na Deputación, Resulta sospeitoso que unha obra que paga a Deputación da Coruña, con axuda de cartos procedentes da Unión Europea, sexa contratada a empresa da muller dun alto cargo político desa institución.”*

Polo tanto, si ve motivo de ilegalidade, acuda a fiscalía a que tan acostumbrados nos ten vostede, e solo vostede, posto que en todos os concellos do arredor o BNG é un partido que non lle gusta acudir a xustiza para dirimir temas políticos e administrativos.

Un cabalo desbocado atacado por lobos con pel de cordeiro e capaz de soltar e dicir as maiores barbaridades posibles, nin e o noso caso, como alcalde de Moeche e, nestes momentos, candidato a alcaldía de Moeche, as anteriores palabras e as miñas seguintes veñen en relación do noxento panfleto que se atreve a repartir polas casas dos veciños, vostede sabe que tamén no tema do Sr. Parada o anterior goberno, coa súa aquiescencia, foi denunciado na fiscalía, que non encontrou causa algunha para imputar o Sr. Parada, en canto o seu nomeamento como director de obra, dicir que, como en moitas outras obras, fixo as correspondentes certificacións, sen que en ningún momento me fose advertido por parte dos servizos municipais do concello de Moeche de irregularidade algunha.

Sr. Bascoy, de novo recórdolle que eu son médico, non son xardineiro, albanel, contratista, non son pintor, non son electricista ¿quédalle claro? En todas as obras son os técnicos os que din se esta ben ou mal executada.

Por isto a súa animadversión contra o Sr. Parada é de novo manifesta, para min todos os traballadores son iguais, pero fíxese, o único amigo meu foi o único que non se fixo fixo de plantilla, Por certo, o despido improcedente do Sr. Parada, que contou co seu silencio, custoulle o Concello cerca de 20.000 €, repito de novo por si non o escoitou, despido improcedente, xuízo no que foi defendido por un letrado de CIG, asesorado por un avogado do PP e por min como testemuña, xuízo que gañamos, outro mais.





C O N C E L L O
DE
M O E C H E
(A CORUÑA)

Núm.

Sra. Bascoy, vostede que pensa ¿que son un mono de feira? ¿o seu pelele? ¿un monicreque? ¿Ou una atracción de feira a quen se lle dispara sen mais?

Eu, Xulio Cribeiro, non son distinto a ninguén ¿que pensa? ¿que vou estar calado e parado? Non, non, non, eu non lle pedín nada o concello de Moeche cando fun acusado, nada, e tendo en conta que as miñas actuacións producíronse como Alcaide de Moeche, non lle pedín nada, nada, nada o Concello de Moeche. Vostede indirectamente formaba parte do Concello de Moeche en esa época, era unha das atizadoras, vostede Sra. Bascoy, debe sentirse corresponsable da denuncia feita contra mil, vostede foi unha covarde, utilizou os cartos do Concello de Moeche para internar meterme na cadea, si vostede fose valente pagaría os avogados con cartos do seu peto, e non aproveitándose do seu cargo de concelleira para eliminar a un rival político

Vostede e responsable politicamente da denuncia feita contra min,, denuncia que, tanto o tribunal do xurado popular, por amplísima maioría, como o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, por unanimidade, fun declarado inocente, inocente, inocente, inocente, a súa masa cerebral non e capaz de asimilar isto, repito, inocente dos cargos que me imputaron, tento a xustiza como os medios de comunicación en base a denuncia do equipo de Julio Lopez e os integrantes do BNG

De todos e sabido que para defenderse contra a administración é necesario contar con bos profesionais de dereito, expertos calígrafos, expertos económicos...

Xa lle dixen que eu non son distinto a ninguén, para defender a miña inocencia e por riba lle tocan o peto da miña familia, muller e 3 fillos, e lóxico que quen me difamou pague a miña defensa, se vostede paga os custos da miña defensa eu retiro o escrito no concello

A reclamación non e a única actuación que podó efectuar, vou a lerlle o código penal por si lle serve de algo

Del encubrimiento, art. 151, el que con conocimiento de la comisión de un delito...3 ocultando o alterando o inutilizando el cuerpo, los efectos o los instrumentos de un delito para impedir su descubrimiento, 3.- Ayudando a los presuntos responsables de un delito a eludir la investigación de la autoridad... Capítulo V.- de la acusación y denuncia falsa y de la simulación de delitos... No podrá procederse contra el denunciante o acusador sino tras sentencia firme. Capítulo VI del falso testimonio.. Cuando el testigo perito o interprete, sin faltar sustancialmente a la verdad la altere con reticencias, inexactitudes o silenciando hechos o datos relevantes... El que presentare a sabiendas testigos falsos..

Mire, finalmente Sra. Beatriz Bascoy, ante unha agresión reiterada como é a súa vaime ter enfronte loitando xunto cos meus compañeiros, a vostede válelle todo con tal de chegar a



alcaldía, algún me dixo que era como un corvo capaz de comerlle os ollos as súas crías para poder acadar o poder.

Xulio Cribeiro Garcia solo traballa por mellorar o benestar dos veciños de Moeche arrepentiranse os que a acompañan na lista como xa o fan algúns agora e debería dimitir se non alcanza a alcaldía.

A **Sra. Bascoy Maceiras** solicita a palabra, que non é concedida polo Sr. Alcalde que procede a levantar a sesión.

E, non habendo mais asuntos que tratar polo Presidente levantase a sesión sendo as 9,30 horas do día indicado no encabezamento. Do que eu, Secretaria CERTIFICO

Vº e Pz
O ALCALDE


Asdo. Xulio Cribeiro Garcia

A SECRETARIA